



23 PONTEDEUME

CÓDIGO CONCELLO






23 PONTEDEUME

CÓDIGO CONCELLO

Código	NOME
23_001	MUIÑO DO ESTEIRO DE OMBRE 1
23_002	MUIÑO DO ESTEIRO DE OMBRE 2
23_003	CASA DE XOSEFA LUACES
23_004	CASA E XARDÍNS DE MADALENA TENREIRO
23_005	CUADRIFAZ DE PONTEDEUME
23_006	PONTE DE PONTEDEUME
23_007	PEIRAS DA VILA
23_008	EDIFICIO DO XULGADO (ANTIGO CÁRCERE)
23_009	PONTE DO TREN
23_010	XACEMENTO ROMANO DE SOPAZOS
23_011	CONXUNTO PARROQUIAL DE SANTA MARÍA DE CENTROÑA
23_012	VILA ROMANA DE CENTROÑA
23_013	CASTRO DA ÍNSUA
23_014	LONXAS DE RAXOI
23_015	MATERIAL LATERICIO DO PEIRAO DE PONTEDEUME



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	A_022
ARQUITECTÓNICO TIPO	PRIVADO SUBTIPO
ELEMENTO	MUÍÑO
NIVEL DE PROTECCIÓN	ESTRUTURAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	AGROPECUARIO
DETALLADO	PRODUCTIVO

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Recoméndase a consolidación estrutural, a limpeza do contorno, a recuperación interpretativa do uso orixinal e a integración no parque fluvial como recurso patrimonial e educativo..

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA	OMBRE (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR	ESTEIRO DE OMBRE
REFERENCIA CATASTRAL	15070A01100382
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 569056,00 Y: 4807106,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Constitúe unha pequena edificación de planta rectangular, executada en cachotería de lousa e pedra do país, con cuberta asimétrica a dúas augas de tella cerámica tradicional. Carece actualmente de mecanismos de moenda, mais conserva a volumetría e a tipoloxía propias dos muíños hidráulicos tradicionais da comarca do Golfo Ártabro. O inmoble foi rehabilitado parcialmente hai uns anos, sen que chegara a recuperarse a funcionalidade orixinal, e presenta hoxe un estado de conservación deficiente, afectado pola falta de mantemento e pola proliferación vexetal no seu contorno inmediato. O seu valor reside na autenticidade construtiva, no testemuño etnográfico ligado ao aproveitamento hidráulico e na súa integración paisaxística no esteiro, formando un ámbito de interese ambiental e cultural.

DESCRIPCIÓN

Pequeno muíño de planta rectangular en cachotería de lousa e pedra do país con cuberta asimétrica a dúas augas de tella do país. Conserva a súa volumetría orixinal mais perdeu os mecanismos de moenda.

EDIFICACIÓN

A parcela sitúase á beira do esteiro do Eume. Presenta abundante vexetación espontánea e accesos deteriorados, precisando limpeza e acondicionamento para recuperar a súa lectura.


PARCELA

Localízase nun ámbito de alto valor ambiental e paisaxístico dentro da unidade do esteiro do Eume. O contorno inmediato foi no pasado acondicionado como parque fluvial, mais atópase hoxe en estado de abandono.

ENTORNO

Destacan a tipoloxía construtiva tradicional, a integración paisaxística no esteiro e o carácter etnográfico como testemuño dos muíños hidráulicos locais, así como os elementos pétreos e carpintarías de madeira.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA:

ARQUITECTÓNICO TIPO: PRIVADO SUBTIPO

ELEMENTO: MUÍÑO

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: MOI DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: AGROPECUARIO

DETALLADO: PRODUTIVO

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Importancia da recuperación volumétrica e funcional do muíño mediante consolidación estrutural, restauración de materiais orixinais e posta en valor do conxunto hidráulico como recurso didáctico, paisaxístico e cultural.

POSTA EN VALOR

23_002
CÓDIGO INVENTARIO

MUIÑO DO ESTEIRO DE OMBRE 2
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: PONTEDEUME

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME

PARROQUIA: OMBRE (SANTA MARÍA)

NÚCLEO / LUGAR: ESTEIRO DE OMBRE

REFERENCIA CATASTRAL: 15070A01100263

ZONA: SERVIDUME

X: 569092,00 Y: 4807063,00
COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Constitúe unha pequena construción tradicional en cachotaría de lousa, erguida á beira do esteiro do Eume. O inmoble, de tipoloxía hidráulica, atópase actualmente cuberto por abundante vexetación espontánea que impide a observación completa dos seus paramentos e estruturas interiores. Abandonado hai décadas, conserva aínda restos significativos da súa volumetría orixinal e materiais característicos como carpintería de madeira e cuberta de tella curva do país. A súa situación outórgalle un valor ambiental e paisaxístico notable, integrándose no conxunto dos muíños históricos do municipio. Grao de conservación moi deficiente.

DESCRIPCIÓN

Construción de planta rectangular en cachotaría de lousa, sen uso actual, cuberta por maleza e en estado de abandono, mantendo volumetría e materiais tradicionais propios da tipoloxía de muíño hidráulico.

EDIFICACIÓN

Parcela contigua ao esteiro, cunha contorna de elevada sensibilidade ambiental e paisaxística, que reforza o interese patrimonial.


PARCELA

Situado no núcleo de Esteiro de Ombre, dentro da unidade de paisaxe Esteiro do Eume, comarca costeira do Golfo Ártabro, nun ámbito de valores naturais, etnográficos e culturais asociados á tradición hidráulica mariñá.

ENTORNO

Relevancia como testemuño da arquitectura popular produtiva ligada á enerxía hidráulica, exemplificando técnicas construtivas tradicionais, materiais autóctonos e integración paisaxística nun medio litoral de interese patrimonial.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_030

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: CASA

NIVEL DE PROTECCIÓN: AMBIENTAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ÓPTIMO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: RESIDENCIAL

DETALLADO: RESIDENCIAL UNIFAMILIAR

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Reforzar a conservación da volumetría, carpinterías e elementos de fachada; promover o soterramento do cableado aéreo; garantir mantemento preventivo e valorización como referente da tradición mariñeira.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA: NOGUEIROSA (SAN COSME)
NÚCLEO / LUGAR: ESTEIRO
REFERENCIA CATASTRAL: 8159504NJ6086S
ZONA: SERVIDUME

X: 568066,00 Y: 4805799,00
COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Casa unifamiliar exenta erguida no primeiro terzo do século XX, representa unha arquitectura de tradición mariñeira con trazado sinxelo e composición equilibrada. A planta é cadrada con acceso central e escaleira nun recanto. Na fachada principal destacan un balcón corrido con varanda de ferro sobre lousa granítica e dúas galerías de madeira avanzadas sobre canzorros, cubertas por pequenos telladiños. Esta disposición achega ritmo e simetría ao paramento. O inmobile conserva a súa volumetría e materiais orixinais, manténdose en estado óptimo. A súa tipoloxía, proporción e integración co contexto inmediato confírenlle un notable valor ambiental e patrimonial no núcleo rural tradicional.

DESCRIPCIÓN

Vivenda unifamiliar exenta, de dúas alturas, planta cadrada e composición simétrica. Fachada principal con balcón de ferro sobre lousa e galerías de madeira avanzadas sobre canzorros con telladiños independentes.

EDIFICACIÓN

Situada nunha parcela que linda cun pequeno cauce e muros de mampostería tradicional. Dispónse retranqueada respecto á rúa, xerando espazo de transición e garantindo relación visual co medio inmediato.


PARCELA

Inserida no núcleo rural tradicional, integrada na unidade de paisaxe do Esteiro do Eume, en contorna costeira protexida con valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos que reforzan a súa identidade mariñeira.

ENTORNO

Destacan a fachada simétrica con balcón e galerías, carpinterías de madeira orixinais, volumetría tradicional, integración co parcelario histórico e presenza no conxunto edificado do núcleo rural.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_006

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: CASA/XARDÍN

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: MOI DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: RESIDENCIAL

DETALLADO: RESIDENCIAL UNIFAMILIAR

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Poñer en valor a integridade tipolóxica, as carpintarías de madeira, a galería e varanda de ferro, o muro perimetral e o xardín histórico con especies senlleiras, garantindo conservación, consolidación e restauración.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: PONTEDEUME

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME

PARROQUIA: NOGUEIROSA (SAN COSME)

NÚCLEO / LUGAR: ESTEIRO

REFERENCIA CATASTRAL: 7863302NJ6086S

ZONA: SERVIDUME

X: 567969,00 Y: 4805964,00

COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Vivenda unifamiliar exenta construída entre 1869 e 1876, de clara inspiración romántica. Presenta planta cadrada desenvolvida en tres alturas máis baixo cuberta, articuladas arredor dun núcleo central de escaleiras que se expresa exteriormente nunha torre-miradoiro acristalada con amplas vistas sobre o río Eume. As fachadas, de composición clásica, incrementan progresivamente a apertura dos vans e combinan varanda de ferro, balcóns moldurados e galería de madeira pintada de verde. Os paramentos recebados e pintados de branco amosan deterioro xeral, mentres carpintarías e cubertas de tella curva do país completan o conxunto. O recinto inclúe xardíns históricos con especies catalogadas, muro perimetral protexido e elementos singulares asociados de valor ambiental e patrimonial.

DESCRIPCIÓN

Vivenda exenta de planta cadrada, tres alturas e baixo cuberta, con torre-miradoiro acristalada. Fachadas con vans graduados, varanda e galería de madeira verde sobre paramentos recebados e cuberta de tella curva tradicional.

EDIFICACIÓN

Parcela con xardín histórico e arborado singular, delimitada por muro perimetral protexido. Inclúe exemplares catalogados como árbore senlleira, integrándose na paisaxe costeira da ría do Eume con notable valor ambiental.


PARCELA

Situada en Esteiro, unidade de paisaxe do esteiro do Eume, no ámbito costeiro do Golfo Ártabro. Enclave de alto interese ecolóxico e paisaxístico, con relación visual directa á ría e aos ecosistemas fluviais e mariños adxacentes.

ENTORNO

Conxunto representativo da arquitectura romántica rural con xardín histórico e especies protexidas, destacando o valor paisaxístico, ambiental e patrimonial que xera identidade cultural e referencia visual no esteiro.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: X_028

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO: XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO

ELEMENTO: ACHADO

NIVEL DE PROTECCIÓN: GRAO III

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: AGROPECUARIO

DETALLADO: PRODUTIVO

DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

23_005
CÓDIGO INVENTARIO

CUADRIFAZ DE PONTEDEUME
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: PONTEDEUME

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME

PARROQUIA: NOGUEIROSA (SAN COSME)

NÚCLEO / LUGAR: ESTEIRO

REFERENCIA CATASTRAL: 7863302NJ6086S

ZONA: SERVIDUME

X: 567984,00 Y: 4805968,00

COORDENADAS: U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Peza escultórica monolítica en granito coñecida como Cuadrifaz de Pontevedra, correspondente a un achado arqueolóxico illado. Trátase dun bloque prismático con catro caras talladas mediante labra tosca, configurando representacións antropomorfas esquematizadas. A peza foi localizada en 1924 durante movementos de terra nunha finca agrícola do lugar de Esteiro e posteriormente depositada no Museo Arqueolóxico de San Antón. A súa función interprétase de maneira hipotética como elemento simbólico ou protector vinculado a vías de tránsito, asociado aos denominados Hermes ou posibles Lares Varios de tradición galaico-romana. Código AC15069005, con nivel de protección Grao III.

DESCRIPCIÓN

Trátase dunha peza de granito que recorda un capitel primitivo, con catro caras esculpidas de forma moi tosca en cada un dos seus catro lados. Achado solto atopado nunha finca no 1924 por mor dunhas obras.

EDIFICACIÓN

De configuración irregular situada en ámbito rural do lugar de Esteiro, con uso agropecuario predominante. Presenta relación funcional coa rede de camiños locais e co sistema territorial do esteiro do río Eume.


PARCELA

Entorno rural periurbano caracterizado por parcelas agrícolas, viario local e presenza de edificacións dispersas. A paisaxe integra arborado autóctono e vexetación de ribeira. Contexto territorial de elevado valor ambiental.

ENTORNO

Ben singular asociado á tradición galaico-romana, interpretado como posible representación protectora vinculada a camiños ou encrucilladas. Constitúe estemuña material da romanización e da simboloxía relixiosa no territorio.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_051

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: PONTE

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Valorización dos arcos, bóvedas e aparello pétreo orixinal. Recoméndanse actuacións de conservación, consolidación puntual e restauración respectuosa segundo o nivel de protección estrutural vixente.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA	PONTEDEUME (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR	PONTEDEUME
REFERENCIA CATASTRAL	15015A01109202
ZONA	DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS	X: 567250,00 Y: 4806628,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Ponte de fábrica pétreo erixida entre 1867 e 1870 sobre o río Eume, substituíndo unha estrutura medieval atribuída a Fernán Pérez de Andrade (s. XIV). De tipoloxía viaria e función actual de comunicación interurbana, configura un viaduto de quince arcos de medio punto e elípticos, de luces variables entre 10 e 12,7 m. Executada en cantería granítica con aparello de perpiaños, presenta bóvedas de doelas, piares con cortalúas e pretils macizos. A súa composición lineal e ritmo de arcos reflicten criterios de enxeñaría decimonónica. O estado de conservación é aceptable, observándose colonización biolóxica, erosión superficial e alteración puntual das xuntas de morteiro, sen perda significativa da capacidade estrutural.

DESCRIPCIÓN

Estrutura lineal de gran desenvolvemento lonxitudinal e sección única. Presenta perfil horizontal con quince arcos de medio punto en perpiaño granítico. Pretils de fábrica pétreo e pavimento asfáltico. Estado xeral aceptable.

EDIFICACIÓN

O trazado ocupa dominio público hidráulico, con xeometría lineal e uso viario dotacional. Conecta as dúas marxes do río Eume e vincúlase directamente coa rede urbana mediante accesos rodados.

PARCELA

Entorno urbano-paisaxístico de carácter costeiro, integrado na ría de Ares e Betanzos. Boa accesibilidade e integración visual coa trama urbana. Elementos deturpadores puntuais: tráfico e infraestruturas modernas adxacentes.

ENTORNO

Ben de interese histórico e identitario, testemuño da evolución das infraestruturas e da tradición construtiva en cantería. Representa a continuidade dun lugar simbólico e funcional esencial para Ponte de Eume.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: E_014

ETNOLÓXICO TIPO: PEIRAO SUBTIPO

ELEMENTO: PEIRAO

NIVEL DE PROTECCIÓN: INTEGRAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: DEFICIENTE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓN

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrucción excepcional.

AUTORIZABLES

Debe preservarse a configuración orixinal das plataformas, escaleiras e fábrica de perpiaño de granito. Recomendáanse actuacións de conservación, consolidación e restauración puntual das pezas pétreas.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA: PONTEDEUME (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR: PONTEDEUME
REFERENCIA CATASTRAL: 7064101NJ6076S
ZONA: DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS: X: 567122,00 Y: 4806447,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Conxunto portuario tradicional constituído por plataformas pétreas de acceso ao río Eume, coñecido como Peiraos da Vila. Trátase de infraestruturas marítimo-fluviais destinadas historicamente ao embarque, desembarque e amarre de pequenas embarcacións vinculadas á actividade pesqueira e ao transporte local. O sistema construtivo baséase en fábrica de perpiaño de granito escuadrado colocado en fiadas regulares, conformando plataformas inclinadas e tramos de escaleiras que conectan o paseo superior coa lámina de auga. A composición espacial organizase mediante dúas rampas, unha de planta rectangular e outra con arestas curvas. Presenta desgaste superficial, erosión por acción mariña, colonización biolóxica e perdas puntuais de material pétreo.

DESCRIPCIÓN

Infraestrutura portuaria pétreo formada por plataformas e rampas de granito con escaleiras de acceso á lámina de auga, integrada no bordo fluvial do paseo marítimo.

EDIFICACIÓN

Parcela lineal vinculada á beira fluvial do río Eume, configurada como plataforma portuaria pública. Presenta xeometría irregular adaptada á marxe da ría e conexión directa co paseo marítimo e co sistema viario do núcleo urbano.

PARCELA

Entorno urbano situado na fronte fluvial de Pontevedra, integrado no paseo marítimo e vinculado á ponte histórica sobre o Eume. A paisaxe combina espazo portuario, embarcacións tradicionais e estuario. Elevada integración visual.

ENTORNO

Infraestrutura portuaria tradicional representativa da relación histórica de Pontevedra coa ría e coa actividade marítimo-pesqueira. Constitúe un ben etnográfico singular que conserva técnicas construtivas tradicionais en granito.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_049

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: XULGADOS

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ÓPTIMO

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: EQ ADMINISTRATIVO-INSTITUC

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Deberán poñerse en valor a composición ecléctica da fachada principal, o patio interior con arcadas e o emprego da cantería granítica. Recoméndanse actuacións de conservación e restauración, priorizando o soterramento do cableado.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA: PONTEDEUME (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR: PONTEDEUME
REFERENCIA CATASTRAL: 7166501NJ6076N
ZONA: SERVIDUME
COORDENADAS: X: 567049,00 Y: 4806454,00
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificación civil de tipoloxía institucional, proxectada en 1852 polo arquitecto Faustino Domínguez Domínguez como cárcere do partido xudicial de Pontevedra, actualmente destinada a xulgados. Configúrase en planta cadrada con patio central descuberto e dúas alturas, resolta mediante muros de cachotería granítica revocada e cantería vista nos esquinais, recercos e arcadas. A fachada principal presenta composición simétrica, con corpo central resaltado e acceso en arco de medio punto. As fiestras alternan lintel recto e arco semicircular, con varandas de ferro forxado no piso superior. A estrutura é de muros de carga de granito e forxados de madeira. O estado de conservación é aceptable, observándose perda de revestimento, humidades capilares e erosión superficial nos perpiaños graníticos.

DESCRIPCIÓN

Volume prismático compacto de dúas plantas e patio central, con fachadas enfoscadas en branco e elementos de cantería granítica. Carpinterías de madeira, cuberta a dúas augas con tella curva. Estrutura portante de muros de carga.

EDIFICACIÓN

Parcela regular de bordo urbano, asentada en terreo gañado ao mar, cunha configuración rectangular adaptada á rúa do Peirao e relación directa co espazo viario. Edificación exenta con patio interior e peche mediante muro pétreo.

PARCELA

Entorno urbano histórico de trama compacta, con pavimentos graníticos e accesibilidade peonil. Presenza de edificacións tradicionais e elementos patrimoniais. Integración paisaxística alta, con arborado e vistas sobre o esteiro.

ENTORNO


Representa un exemplo singular da arquitectura institucional provincial do século XIX, con valor histórico, tipolóxico e ambiental. Testemuña a evolución administrativa e xudicial, integrándose no conxunto monumental da vila.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000



Escala: 1:5.000

IMAXES

CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_050

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: PONTE METÁLICA

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN

ACTUACIÓN

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse a estrutura metálica orixinal, os piares graníticos e o seu contexto fluvial. Requírese conservación e consolidación preventiva, limpeza controlada e mantemento anticorrosivo.

POSTA EN VALOR

23_009
CÓDIGO INVENTARIO

PONTE DO TREN
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO: PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME
PARROQUIA: PONTEDEUME (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR: PONTEDEUME
REFERENCIA CATASTRAL: 7064101NJ6076S
ZONA: DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
COORDENADAS: X: 566857,00 Y: 4806848,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Ponte metálica de tipoloxía ferroviaria, composta por tres vans de celosía en ferro forxado con configuración en cruz de Santo André, apoiada en catro piares graníticos de planta rectangular. A estrutura, de aproximadamente 160 m de lonxitude, presenta cabeceiras curvas e unións roscadas e rebitadas, propias da enxeñaría metálica do inicio do século XX. Inaugurada en 1913 no marco da liña Betanzos-Ferrol, mantén uso ferroviario e conserva a súa función orixinal. O estado xeral é aceptable, observándose oxidacións puntuais, perda parcial de revestimentos protectores e colonización biolóxica en apoios pétreos, sen indicios de deformacións estruturais relevantes.

DESCRIPCIÓN

Estrutura lineal de tres vans metálicos con celosía superior curva, apoiada en piares de cantería granítica. Cromatismo gris metálico. Estrutura mixta ferro-granito en bo estado xeral, con oxidacións e erosión leve nos apoios.

EDIFICACIÓN

Parcela lineal, paralela ao curso do río Eume, delimitada por vías e senda peonil. Uso dotacional de comunicación. Integración funcional coa ponte e conexión directa coa traza ferroviaria principal, sen edificacións anexas.

PARCELA

Entorno urbano-fluvial de carácter mixto, con edificacións residenciais próximas e espazos verdes de ribeira. O conxunto destaca pola harmonía coa topografía e o río, sen elementos deturpadores significativos.

ENTORNO

Destaca polo valor histórico-tecnolóxico como testemuño da expansión ferroviaria e pola súa tipoloxía de enxeñaría metálica temperá. Constitúe referente identitario do municipio e elemento estrutural da paisaxe fluvial.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES





DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	X_007
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	ASENTAMENTO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	MOI DEFICIENTE
USOS ORIXINAIS	AGROPECUARIO
GLOBAL	PRODUCTIVO
DETALLADO	

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	PONTEDEUME
PARROQUIA	PONTEDEUME (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR	PONTEDEUME
REFERENCIA CATASTRAL	6571804NJ6067S
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 566419,00 Y: 4806943,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico correspondente a un asentamento de época romana situado no cantil meridional da ría de Ares, na base da ladeira norte do monte Breamo. A súa función orixinal interprétase como establecemento costeiro vinculado a actividades mariñeiras, pesqueiras e posiblemente de transformación de produtos do mar. Segundo a documentación histórica, identificáronse varias estruturas domésticas de planta rectangular construídas con cachotería e elementos de cantería, con escaleiras de acceso, perpiaños e fogares. Documentouse abundante material arqueolóxico, incluíndo fragmentos de ánforas, cerámica común romana, tégulas e ladrillos. Hoxe non hai estruturas visibles debido ás alteracións antrópicas e á erosión do cantil. Código GA15069007, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2

DESCRIPCIÓN

Non se conservan edificacións visibles. A bibliografía menciona antigas estruturas domésticas rectangulares de cachotería e cantería, con escaleiras e elementos arquitectónicos asociados, hoxe desaparecidas polo impacto antrópico.

EDIFICACIÓN

Sitúase nun cantil litoral da marxe meridional da ría de Ares, configurada por solos agrícolas e zonas parcialmente alteradas por antigas explotacións extractivas. O ámbito presenta relación coas hortas e vivendas próximas.

PARCELA

Entorno periurbano situado na franxa litoral de Pontevedra, caracterizado por hortas, vivendas dispersas e infraestruturas ferroviarias próximas. A paisaxe integra o cantil costeiro da Ría de Ares e a ladeira do monte Breamo.

ENTORNO

Representativo da ocupación romana no litoral da Ría de Ares. O rexistro de cerámica, tégulas, ladrillos e ánforas evidencia a existencia dun asentamento costeiro vinculado á explotación e transformación de recursos mariños.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	MONUMENTO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	A_072
ARQUITECTÓNICO TIPO	RELIXIOSO SUBTIPO
ELEMENTO	IGREXA PARROQUIAL
NIVEL DE PROTECCIÓN	INTEGRAL
GRADO DE CONSERVACIÓN	ACEPTABLE
USOS ORIXINAIS	DOTACIONAL
GLOBAL	DOTACIONAL MÚLTIPLE
DETALLADO	

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse a fábrica de cantería, a espadana, o coro e os acabados tradicionais. Recoméndase conservación integral, restauración puntual de revocos, eliminación de humidades e revalorización do ámbito paisaxístico.

POSTA EN VALOR

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	PONTEDEUME
PARROQUIA	CENTROÑA (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR	PORTIÑO, O / CENTROÑA
REFERENCIA CATASTRAL	5468502NJ6056N
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 565290,00 Y: 4806638,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

O conxunto parroquial constitúe un exemplo de arquitectura relixiosa rural barroca, datada no século XVIII, conformada por templo, vivenda reitoral e dependencias auxiliares. A fábrica combina muros de cachotería revocada con esquinas e recercos de cantería granítica, cuberta a dúas augas con tella curva. A igrexa, de planta rectangular, presenta nave única e presbiterio elevado, coro alto de madeira e fachada principal con espadana de dous vans. O conxunto conserva estrutura portante de muros de carga e forxados de madeira, con carpinterías tradicionais. O estado xeral é aceptable, observándose degradacións nos revocos, humidades por capilaridade e colonización vexetal en áreas baixas e auxiliares.

DESCRIPCIÓN

Volume prismático de dúas plantas, proporcións compactas e cuberta a dúas augas. Fachadas revocadas e pintadas en branco, con carpinterías de madeira. Estrutura de muros de carga e forxados de madeira. Cuberta cerámica curva.

EDIFICACIÓN

Parcela de xeometría irregular e pendente lixeira cara ao suroeste, con delimitación mediante muros de pedra. Uso actual relixioso e residencial, con horta e edificacións auxiliares. Acceso principal dende o viario local.


PARCELA

Entorno rural de baixa densidade, con imaxe paisaxística coherente e acceso rodado estreito. A contorna arquitectónica mantén tipoloxías tradicionais. Integra o conxunto cunha vexetación autóctona e boa adaptación topográfica.

ENTORNO

Destaca o valor histórico e identitario como centro espiritual da parroquia, testemuño da arquitectura relixiosa rural do século XVIII. Conserva unidade formal, materiais orixinais e integración paisaxística no contexto costeiro.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	X_009
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	ASENTAMENTO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	ALTERADO
USOS ORIXINAIS	AGROPECUARIO
DETALLADO	PRODUCTIVO

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	PONTEDEUME
PARROQUIA	CENTROÑA (SANTA MARÍA)
NÚCLEO / LUGAR	PORTIÑO, O
REFERENCIA CATASTRAL	4968127NJ6056N
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 565126,00 Y: 4806680,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Xacemento arqueolóxico correspondente a unha vila romana costeira situada no bordo dun cantil na marxe meridional da Ría de Ares. O asentamento foi escavado parcialmente a comezos da década de 1950 baixo a dirección de J. M. Luengo Martínez, documentándose unha estrutura cuadrangular interpretada como posible criptopórtico ou galería vinculada a unha residencia de tipo villae a mare. Os muros executáronse en cachotería de xisto colocada a óso, con paramentos interiores estucados e decoración pictórica. Identificáronse pilastras cadradas, fragmentos de mosaico e abundante material cerámico romano, incluíndo ánforas e tégalas. O xacemento presenta hoxe un estado alterado pola erosión mariña e os derrubes do cantil. Código GA15069009, con nivel de protección Grao II.1 / Grao

DESCRIPCIÓN

As estruturas documentadas corresponden a restos arqueolóxicos dunha estancia cuadrangular con muros de cachotería e pilastras, vinculada a unha posible galería ou criptopórtico da vila romana.

EDIFICACIÓN

Parcela situada no bordo dun cantil litoral na marxe da Ría de Ares, con configuración irregular adaptada á topografía costeira. O ámbito presenta uso agrícola nas fincas contiguas e.


PARCELA

Entorno rural costeiro caracterizado por parcelas agrícolas, vexetación arbórea e a proximidade do cantil litoral. A paisaxe integra a Ría de Ares e a ladeira do monte Breamo, cun contexto territorial de alto valor paisaxístico.

ENTORNO

Xacemento representativo das villae marítimas da Galicia romana, asociado á explotación económica do litoral. Os restos arquitectónicos documentados e o material cerámico evidencian unha ocupación residencial vinculada á ría.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN


ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN	BEN CATALOGADO
CATEGORÍA	SITIO ARQUEOLÓXICO
PLANEAMIENTO	PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL
FICHA	X_002
XACEMENTO ARQUEOLÓXICO TIPO	XACEMENTO ARQUEOLÓXICO SUBTIPO
ELEMENTO	CASTRO
NIVEL DE PROTECCIÓN	GRAO II.1 / GRAO II.2
GRADO DE CONSERVACIÓN	ALTERADO
USOS ORIXINAIS	
GLOBAL	AGROPECUARIO
DETALLADO	PRODUTIVO

DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA	A CORUÑA
COMARCA COSTEIRA	GOLFO ÁRTABRO
CONCELLO	PONTEDEUME
SECTOR COSTEIRO	RÍA DE ARES E BETANZOS
UNIDADE DE PAISAXE	COSTA DA ILLA CARBOEIRA
PARROQUIA	BOEBRE (SANTIAGO)
NÚCLEO / LUGAR	BARREIRA, A
REFERENCIA CATASTRAL	3441601NJ6034S
ZONA	SERVIDUME
COORDENADAS	X: 563035,00 Y: 4804011,00 U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Asentamento fortificado situado nunha punta mariña da costa de Boebre, adaptado á morfoloxía natural do promontorio litoral. O recinto presenta planta irregular condicionada pola topografía e pola erosión do cantil. O sistema defensivo estaba constituído por parapetos e posibles delimitacións internas, hoxe parcialmente arrasadas pola actividade agrícola e polos derrubes provocados polo embate do mar. Acada unhas dimensión aproximadas 120 m no eixe E-O e 75 m no N-S. Documentáronse materiais cerámicos castrexos e tamén restos de época romana e baixomedieval, evidenciando unha ocupación prolongada. O estado de conservación considérase alterado pola erosión mariña e polos usos agropecuarios. Código GA15069002, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Non se conservan edificacións visibles. As estruturas documentadas corresponden a elementos arqueolóxicos do recinto, incluíndo parapetos defensivos e posibles delimitacións internas actualmente alteradas.

EDIFICACIÓN

Sitúase nunha punta litoral da costa de Boebre, cunha xeometría irregular adaptada ao promontorio rochoso. O ámbito presenta uso agropecuario nas fincas interiores e límites condicionados polo cantil mariño.


PARCELA

Entorno litoral aberto caracterizado por cantís, vexetación de monte baixo e parcelas agrícolas. A paisaxe integra a praia da Ínsua e a illa Carboeira, configurando un ámbito costeiro de elevada integración ambiental.

ENTORNO

Asentamento fortificado costeiro representativo da ocupación protohistórica do litoral do Golfo Ártabro. A presenza de materiais castrexos, romanos e baixomedievais evidencia unha longa continuidade de ocupación.

VALORES



DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

Escala: 1:2.000


HIPSOMÉTRICO

Escala: 1:5.000

Escala: 1:2.000



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



DATOS IDENTIFICATIVOS

CLASIFICACIÓN: BEN CATALOGADO

CATEGORÍA: MONUMENTO

PLANEAMIENTO: PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

FICHA: A_048

ARQUITECTÓNICO TIPO: CIVIL SUBTIPO

ELEMENTO: INSTALACIÓNS PORTUARIAS

NIVEL DE PROTECCIÓN: ESTRUCTURAL

GRADO DE CONSERVACIÓN: ACEPTABLE

USOS ORIXINAIS

GLOBAL: DOTACIONAL

DETALLADO: DOTACIONAL MÚLTIPLE

ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse a estrutura pétreo orixinal, a cuberta de tella tradicional e a tipoloxía modular. Recomendase mantemento, limpeza de paramentos, reposición de tella e supresión de elementos impropios.

POSTA EN VALOR

23_014
CÓDIGO INVENTARIO

LONXAS DE RAXOI
DENOMINACIÓN

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA: A CORUÑA

COMARCA COSTEIRA: GOLFO ÁRTABRO

CONCELLO: PONTEDEUME

SECTOR COSTEIRO: RÍA DE ARES E BETANZOS

UNIDADE DE PAISAXE: ESTEIRO DO EUME

PARROQUIA: PONTEDEUME (SANTIAGO)

NÚCLEO / LUGAR: PONTEDEUME

REFERENCIA CATASTRAL: 7166301NJ7166N

ZONA: SERVIDUME

COORDENADAS: X: 566997,99 Y: 4806481,01
U.T.M. Huso 29N ETRS89

INVENTARIO

Edificio de tipoloxía industrial marítima, construído en 1763 por iniciativa do arcebispo Raxoi para o salgado e almacenamento de peixe. Actualmente destínase a uso dotacional múltiple de carácter municipal. Executado en cachotería granítica con cuberta a dúas augas de tella curva cerámica, estruturada mediante pontóns e vigas de madeira. Presenta planta rectangular composta por cinco módulos independentes e dous engadidos laterais asoportados, que definen espazos lineais de tránsito e carga. A volumetría é baixa e alongada, coas cubertas escalonadas en paralelo. O estado de conservación é aceptable, observándose perda puntual de morteiros, colonización biolóxica na cuberta, humidades capilares e graffitis en soportes pétreos.

DESCRIPCIÓN

Volume único, horizontal de baixa altura, con planta rectangular e cinco módulos. Fachadas de cachotería granítica sen revoco, carpinterías de madeira e tella curva tradicional. Estrutura de pedra e madeira. Cuberta a dúas augas.

EDIFICACIÓN

Parcela de xeometría irregular, adaptada á liña do peirao e á muralla histórica. Uso dotacional municipal con relación directa ao viario e ao paseo marítimo. O edificio ocupa a totalidade da fronte marítima.

PARCELA

Entorno urbano histórico, con boa accesibilidade e pavimentos de granito. A presenza de cableado e graffitis supón un factor deturpador. O conxunto integra valores arquitectónicos e paisaxísticos singulares pola relación coa ría.

ENTORNO

Interese histórico e etnográfico vinculado á actividade pesqueira tradicional e ao desenvolvemento portuario. Representa a arquitectura funcional do século XVIII, conservando autenticidade material e valor identitario colectivo.

VALORES




DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023


Escala: 1:2.000

Escala: 1:5.000

IMAXES



CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



En ausencia de delimitación ou contorno, adoptaranse os definidos na ficha de planeamento

LOCALIZACIÓN

PROVINCIA A CORUÑA

CONCELLO PONTEDEUME

PARROQUIA PONTEDEUME (SANTIAGO)

NÚCLEO / LUGAR PONTEDEUME

REFERENCIA CATASTRAL 7064101NJ6076S

X: 566914,34 Y: 4806574,07
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

DATOS IDENTIFICATIVOS

ZONA DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE

CLASIFICACIÓN BEN CATALOGADO

CATEGORÍA SITIO ARQUEOLÓXICO

PLANEAMIENTO DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL

FICHA AC15069003

ARQUEOLÓXICO XACEMENTO ARQUEOLÓXICO

TIPO SUBTIPO


ELEMENTO ACHADO

NIVEL DE PROTECCIÓN GRAO III

GRADO DE CONSERVACIÓN ALTERADO

USOS ORIXINAIS DOTACIONAL

DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN



ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023

1:2.000

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

DELIMITACIÓN DO BEN